

III Andaina Pola Protección da Serra do Galiñeiro:

A Ruta da Auga

Saída: Aparcamento campo de fútbol A Pasaxe, Vincios ás 10:30 h.

Chegada: Parque Forestal do Galiñeiro (Vincios) 14:30 h.

- **A Ruta** terá a saída no **cruce da Pasaxe**, e rematará como tal no **Parque Forestal do Galiñeiro**, como nas anteriores Andainas. Con unha lonxitude aproximada de **10 km (3:30-4:00 horas)** Nivel da ruta **medio baixo**, sendeiros doados e con poucos tramos de desnivel
- **Despois** do manifesto e o xantar, o acceso aos coches será polo sendeiro con unha duración de 15-20 minutos aproximadamente.
- **Á chegada** lerase o manifesto. Poderás adquirir a túa camiseta do Galiñeiro. Faremos un xantar popular coa comida que traia cada un. Haberá música e animación.
- **Recoméndase levar:** Calzado e roupa cómoda / Auga e comida para o final



Zona da saída - Polígono da Paxase -

Pola protección da serra do **GALIÑEIRO**

www.serradogalinheiro.org

III Andaina Pola Protección da Serra do Galiñeiro:

A Ruta da Auga



III Andaina Pola Protección da Serra do Galiñeiro:

A Ruta da Auga

Desde esta Plataforma convidámosvos a todas e a todos, desde a xente maior ata os pequenos e pequenas da casa, á **III Andaina Pola Protección da Serra do Galiñeiro**. Nesta ocasión realizaremos un novo percorrido, que denominaremos a **Ruta da Auga**.

A auga, o recurso natural máis prezado, estará presente ao longo de todo o camiño, pois desta vez imos remontar un dos principais cursos fluviais da serra do Galiñeiro: **o río Zamáns**.



Principiaremos o noso roteiro sorteando as infraestruturas que invadiron ferozmente as marxes do río, mentres procuramos a sombra fresca do seu bosque de ribeira. Superada por fin a autoestrada do Miñor, adentrarémonos nun dos recantos máis fermosos deste curso de auga: o Muíño de Maquí e a envolvente aveleda que o enmarca; esta formación de aveleiras é un bosque de grande frondosidade e cunha elevadísima biodiversidade.

A continuación rodearemos o encoro de Zamáns, unha mostra de como Vigo e as vilas do Miñor puxeron os seus ollos nas augas do Galiñeiro cando o crecemento urbano fixo medrar a demanda. A construción do encoro sacrificou porén os mellores pastizais da parroquia de Zamáns, as denominadas Costas Boas. Deixando atrás o encoro do río Zamáns seguiremos o seu afluente principal, o río de Vilaza ou de Vilaverde.



Atravesaremos un harmonioso conxunto etnográfico que ten como valores máis destacados os seus 6 muíños de río, sumados a outros elementos representativos tamén da cultura da auga, como un peirao, un lavadoiro e unha pontella, integrados todos eles nun característico bosque de ribeira ou amieiral. Este ecosistema aparece profusamente coloreado a finais do inverno con múltiples flores de apertura primaveral, como son as anémonas, as primulas e os narcisos. Entre estes últimos, unha xoia do patrimonio natural da serra do Galiñeiro: o “mallo” (*Narcissus cyclamineus*), delicado endemismo galego-portugués protexido por distintas normativas.

Abandonaremos por un momento o río de Vilaza e ascenderemos a carón da canteira de Vilaverde e da estación sísmica de Zamáns, para volver novamente ao seu encontro no lugar de A Fervenza. Aquí o río salva as fortes pendentes da serra formando un espectacular salto de auga. Deixaremos entón definitivamente o río para encamiñarnos cara o parque forestal de Vincios, punto final da Andaina.

